

RESOLUCIÓN DE 28 DE OUTUBRO DE 2024 DA VICERREITORÍA DE PROFESORADO SOBRE PLANIFICACIÓN DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR RELATIVAS AO CURSO ACADÉMICO 2025/2026

A planificación e desenvolvemento das actuacións en materia de PDI para o curso 2025-2026 debe enmarcarse nas liñas xerais definidas nas Bases para a elaboración da Planificación de Profesorado 2025, aprobadas por acordo do Consello de Goberno o 25 de outubro de 2024. Nas ditas Bases defínense unha serie de prioridades e liñas de actuación que deben orientar a política de profesorado ao longo do curso 2025-2026 cos obxectivos de garantir para as áreas de coñecemento a suficiencia de recursos humanos que lles permitan atender as súas obrigas docentes e investigadoras, de ir incorporando profesorado novo en áreas particularmente avellentadas e que no medio prazo van ver mermada a súa capacidade por mor da xubilación dos seus membros, de adiantar na medida do posible a estabilización de profesorado que ocupa prazas temporais e de facilitar a promoción do profesorado acreditado. En calquera caso, para garantir a viabilidade económica destas actuacións, estas deberán axeitarse ás previsións orzamentarias e aos compromisos asumidos en materia de equilibrio económico-financeiro.

Por outra banda, resulta necesario tamén que os Departamentos poidan coñecer canto antes os recursos con que van contar co fin que as áreas de coñecemento poidan elaborar e achegar unha proposta realista de POD. Neste sentido, o elevado número de xubilacións non forzosas que se vén rexistrando nos últimos anos, unido ao feito de que moitas delas non sexan coñecidas no momento de aprobar a Planificación, aconsella desenvolver as actuacións, especialmente aquelas encamiñadas á incorporación de novo profesorado, en dúas fases: unha primeira que teña en conta as xubilacións forzosas e as baixas coñecidas no primeiro semestre do curso, e unha segunda, de carácter complementario, na que se tomen en consideración o total das baixas producidas ao longo do curso e outras circunstancias sobrevidas.

En consecuencia, co obxecto de que os Departamentos poidan formular as peticións en materia de PDI relativas ás actuacións que se sinalan a seguir, dítase a presente resolución e ábrese un prazo de presentación de solicitudes ata o día 18 de novembro de 2024, que rexe para todas as actuacións que se indican a seguir, agás para aquelas que, segundo se sinala, serán obxecto de convocatorias específicas.

1. PRAZAS DERIVADAS DA PLANIFICACIÓN ANUAL E DA PROMOCION PROFESIONAL

Co fin de poder asignar os recursos dispoñibles para o exercicio de 2025, é preciso que os Departamentos fagan chegar a esta Vicerreitoría as súas peticións relativas a prazas de nova creación, así como a prazas para a estabilización do profesorado temporal e para a promoción do profesorado acreditado. Concretamente, deberanse achegar dentro do prazo sinalado anteriormente as solicitudes correspondentes a:

- a) Prazas de profesorado axudante doutor, que se destinarán a cubrir necesidades docentes para cuxa atención as áreas de coñecemento non conten con persoal suficiente. Excepcionalmente, e co obxecto de dotar as áreas de coñecemento dun cadro de persoal con vocación estrutural, poderase vincular a solicitude de creación destas prazas á amortización de prazas de profesorado asociado ou interino. Por outra banda, sempre dentro das dispoñibilidades orzamentarias, poderanse atender solicitudes de creación de prazas de profesorado axudante doutor en áreas especialmente avellentadas.
- b) Prazas de profesorado asociado, que se destinarán a atender necesidades docentes que requiran desta figura.
- c) Prazas de profesorado asociado de ciencias da saúde.
- d) Prazas de profesorado permanente laboral, que se destinarán a posibilitar a estabilización ou promoción do seguinte profesorado e persoal investigador acreditado para esta figura de profesorado:
 - 1. Profesorado laboral fixo asimilado a colaborador.
 - 2. Profesorado axudante doutor.
 - 3. Persoal investigador RyC, Beatriz Galindo e doutros programas con certificado I3/R3.

Excepcionalmente poderanse solicitar prazas de profesorado permanente laboral para cubrir necesidades docentes naqueles casos en que se precise xustificadamente recorrer a esta figura.

- e) Prazas de profesorado titular de universidade, que se destinarán a posibilitar a estabilización ou promoción do seguinte profesorado e persoal investigador acreditado para este corpo docente:
 - 1. Profesorado axudante doutor.
 - 2. Persoal investigador RyC, Beatriz Galindo e doutros programas con certificado I3/R3.
 - 3. Profesorado contratado doutor ou permanente laboral.

Excepcionalmente poderanse solicitar prazas de profesorado titular para cubrir necesidades docentes naqueles casos en que se precise xustificadamente recorrer a esta figura.

- f) Prazas de catedrático/a de universidade, tanto pola quenda libre como pola de promoción interna, para a promoción do profesorado acreditado para este corpo docente. Excepcionalmente poderanse solicitar prazas de catedrático/a para cubrir necesidades docentes naqueles casos en que se precise xustificadamente recorrer a esta figura.
- g) Prazas de profesorado permanente laboral ou titular con vinculación asistencial.

No caso de que o número de solicitudes presentadas para cada categoría sexa superior ao número de prazas que, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, se poidan crear, estas priorizaranse aplicando os criterios recollidos nas Bases para a elaboración da Planificación de Profesorado 2025, aprobadas por acordo do Consello de Goberno o 25 de outubro de 2024. As situacións de empate resolveranse de acordo coa Normativa

sobre prelación de categorías de profesorado e determinación da antigüidade para efectos internos na USC.

Para facilitar o proceso de asignación de prazas, e en particular de prazas de nova creación, solicítase aos Departamentos que adianten a esta Vicerreitoría as xubilacións non forzosas que previsiblemente se vaian producir entre os seus membros ao longo do ano 2025.

Dentro do prazo de presentación de solicitudes os Departamentos **non** deben achegar as súas propostas de comisións de selección. Estas seranlles requiridas pola Vicerreitoría unha vez que estea elaborada a proposta de Planificación 2025. Lémbrese en todo caso que, de acordo co artigo 5.9 do Regulamento de selección de profesorado, "as prazas que para cada convocatoria correspondan á mesma categoría, departamento e especialidade de coñecemento serán xulgadas pola mesma comisión". Non obstante, ao abeiro do establecido na disposición transitoria única deste Regulamento e transitoria segunda do RD 678/2023, do 18 de xullo, mentres non se actualice o catálogo de especialidades de coñecemento e siga sendo posible definir perfís específicos para as prazas, poderán conformarse comisións diferentes en función dos perfís asignados ás prazas de profesorado permanente laboral, titular e catedrático/a de universidade que se convoquen. Para o resto de prazas estarase ao disposto na instrución da Vicerreitoría de Profesorado do 30 de setembro de 2024.

2. PRÓRROGAS E REPOSICIÓN DE PROFESORADO CONTRATADO

Polo que se refire ás prórrogas do profesorado contratado, os Departamentos deberán remitir á Vicerreitoría un informe sobre a procedencia da continuidade das prazas de PACS e lectores con que contén na actualidade.

Polo que se refire ao profesorado asociado, dado que no curso 2024-2025 quedou completado o proceso de adaptación dos contratos ás características definidas para esta figura na Lei Orgánica do Sistema Universitario, non será xa preciso que os Departamentos soliciten a súa prórroga toda vez que os seus contratos teñen carácter indefinido.

Finalmente, os Departamentos deberán solicitar, de estimalo necesario, a cobertura das vacantes que puideran terse producido en calquera figura de profesorado contratado (axudante doutor, asociado, PACS ou lectores).

3. CAMBIOS DE DEDICACIÓN

En aplicación do réxime de profesorado actualmente vixente, o profesorado funcionario poderá solicitar á Vicerreitoría de Profesorado, dentro do prazo xeral antes indicado, a modificación da súa dedicación. Estas solicitudes poderán ser aceptadas, previo informe do Departamento correspondente, naqueles casos en que as necesidades docentes das áreas e as disponibilidades orzamentarias o permitan, e terán efectos, con carácter xeral, o 1 de setembro de 2025.

4. MOBILIDADE INTERCAMPUS

De acordo co establecido no Regulamento para o cambio de adscrición de prazas de profesorado entre os campus da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado no Consello de Goberno de 19 de xuño de 2020, ábrese un prazo ata o 18 de novembro de 2024 para que os Departamentos remitan á Vicerreitoría de Profesorado as solicitudes de cambio de adscrición presentadas polo seu profesorado.

A Vicerreitoría de Profesorado, á vista das solicitudes presentadas, analizará a relación entre capacidade e encargo da área de coñecemento en cada un dos campus e, co informe previo do Departamento correspondente, elaborará unha proposta de resolución que, tras ser negociada na Mesa de PDI e informada pola Comisión de Organización Académica e Profesorado, se someterá á aprobación do Consello de Goberno xunto coa planificación anual do PDI.

De haber máis dunha solicitude de cambio de adscrición que cumpra cos requisitos establecidos no Regulamento para o cambio de adscrición, o procedemento resolverase de acordo co baremo que figura no anexo I do citado Regulamento.

5. INTEGRACIÓNS

En virtude do previsto legalmente, o profesorado pertencente aos corpos de catedrático/a de escola universitaria e de profesor/a titular de escola universitaria poderá solicitar a súa integración no corpo de profesor/a titular de universidade cando cumpra os requisitos de acreditación para acceder a este corpo.

Igualmente, e ao abeiro do establecido na disposición transitoria quinta da Lei Orgánica do Sistema Universitario, o profesorado colaborador fixo que posúa o título de doutor e reciba a avaliación positiva para a figura de profesorado contratado doutor ou permanente laboral por parte da ANECA ou do órgano de avaliación externo previsto na lexislación galega, poderá solicitar o acceso á figura de profesor/a permanente laboral.

Finalmente, consonte o disposto na disposición transitoria cuarta da Lei Orgánica do Sistema Universitario, o profesorado contratado doutor que desexe a súa integración na categoría de profesorado permanente laboral na súa mesma praza poderá presentar a súa solicitude a través do rexistro electrónico da USC no momento que estime oportuno. A integración surtirá efectos o día primeiro do mes seguinte ao da data da resolución pola que se resolva a petición. En todo caso, computarase como data de ingreso a que tivera como profesor/a contratado/a doutor/a.

6. LICENZAS POR PERMISO SABÁTICO

As solicitudes de licenza por permiso sabático réxense por unha convocatoria específica, que se fará pública proximamente, realizada ao abeiro da Normativa de concesión de licenzas por sabático, aprobada por Consello de Goberno o 5 de xuño de 2015. O prazo para a presentación de solicitudes de licenza por permiso sabático rematará o día 18 de novembro de 2024.

7. PROFESORADO EMÉRITO

De conformidade co disposto no artigo 7 do Regulamento de Profesorado Emérito da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado por Consello de Goberno do 18 de xullo de 2019, a contratación de profesorado emérito realizarase a través dunha convocatoria específica, que se fará pública proximamente. En calquera caso, co fin de que os Departamentos, que son o órgano a quen corresponde a presentación de solicitudes, poidan realizar as súas previsións, anúnciase que o prazo de presentación de solicitudes rematará o día 17 de xaneiro de 2025.

8. PROFESORADO E PERSOAL INVESTIGADOR *AD HONOREM*

De conformidade co disposto no Regulamento de Profesorado e Persoal Investigador *Ad Honorem* da USC, aprobado por Consello de Goberno de 29 de outubro de 2019, as solicitudes para o nomeamento de profesorado e persoal investigador *ad honorem* rexeranse por unha convocatoria específica, que se fará pública proximamente. En calquera caso, co fin de que os Departamentos poidan facer as súas previsións, comunícase que o prazo de presentación de solicitudes rematará o día 17 de xaneiro de 2025.

Todas as solicitudes correspondentes a esta resolución deberanse remitir, xunto coa certificación dos acordos adoptados polo Consello de Departamento e, de ser o caso, das expresións de interese das persoas aspirantes a procesos de promoción, a través de GEISER, ao Servizo de Planificación de PDI, empregando os formularios que están dispoñibles na páxina web do Servizo de Planificación de PDI (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PDI/convocatoriaspdi>).

As actuacións recollidas na presente resolución serán sometidas a negociación cos órganos de representación sindical do PDI, e a análise, discusión e aprobación dos órganos de goberno competentes da Universidade, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias para o exercicio de 2025.

No relativo á política de privacidade e protección de datos da USC, cómpre sinalar que pode consultarse en <https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos>.

Esta resolución publicarase no Taboleiro electrónico da USC e na páxina web do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador.

O vicerreitor de Profesorado
Ernesto González Seoane

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ERNESTO XOSE GONZALEZ SEOANE, VICERREITOR DE PROFESORADO,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 28/10/2024 10:52:00.

CSV: 6DF0-CEF6-4789-9772